



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura de dúas prazas de oficial de comercio interior, pola quenda de promoción interna, (Subgrupo C2)

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 14 de outubro do 2024, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura das seguintes prazas:

Dúas prazas de oficial de comercio interior, pola quenda de promoción interna, da escala administración especial (Subgrupo C2), C.E. 10/20

Admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI
ALLEGUE VAZQUEZ , ANA ISABEL	***2428**
MAHIA RAMOS , JOSE CARLOS	***9271**
SANCHEZ ORDOÑEZ , ELISA	***6202**

A inclusión das persoas aspirantes nas listaxes de admitidas ás probas selectivas non supón en ningún caso o recoñecemento por parte da Administración de que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria. A acreditación e verificación destes requisitos terá lugar para as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, antes do seu nomeamento como persoal funcionario.

Segundo.- A listaxe de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse a través do teléfono 010 de información municipal (981.920.010 se se chama desde fóra da cidade), no BOP e na páxina web www.coruna.gal

Terceiro.- As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas persoas que non figuren nas listaxes, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión.

Esta emenda poderase realizar a través do procedemento “Achea de documentación e/ou alegacións a un expediente”, preferiblemente de forma electrónica, a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>), indicando no campo de descrición o número de asento do rexistro da solicitude de participación neste proceso selectivo.

Aquelas persoas que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidas serán definitivamente excluídas do proceso selectivo.

A Coruña, 17 de outubro de 2024

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2024/7377